



FERVENZA DE XUBÍN

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 700 m
Dificultade: baixa
Duración: 30 minutos

No lugar de Xubín da parroquia de Razamonde (concello de Cenlle). O rego de Xubín, Lavandeira ou da Freixa é un afluente do Miño que nace en Salamonde (San Amaro), percorre este concello e entra en Cenlle onde se xunta co Miño. No tramo final cae desde o planalto e forma rápidos, pozas e fervezas.

A ferveza máis grande ten un desnivel de 40 m en rochas graníticas e neis. O entorno está moi deteriorado por unha canteira.

COMO CHEGAR:

Na estrada N-120 de Ourense a Vigo, en Xubín, cóllese unha cruce á dereita que remata na entrada dunha canteira de propiedade privada. So se pode acceder polo interior da canteira. Vese desde a autovía.

